

## REUNIÓN PAIS PROTOCOLO CORONAVIRUS

### ÍNDICE

1. Enquisa autoavaliación.
2. Entrada e saídas.
3. Medidas protección nos grupos: aula, EF, Relixión, recreos, actividades.
4. Acceso zona administrativa.
5. Tutorías.
6. Canles de comunicación: avisos ao centro.
7. Aula virtual, videoconferencia.

## 1. ENQUISA AUTOAVALIACIÓN

Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha **autoavaliación dos síntomas** de forma **diaria** a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos **resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia**. Utilizarase a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I que debe **realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro**. Diante da **aparición** de polo menos **un dos síntomas** que aparece na enquisa os proxenitores ou titores **non** enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.

No caso de que se detectase **sintomatoloxía compatible na casa**, o alumnado **non** acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID. Para a **xustificación da ausencia, non será necesaria** ningún **xustificante médico**, abondará co **comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais**. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

Se algunha **persoa do núcleo familiar é sospeitosa** de padecer a COVID-19, **o alumnado** ou o persoal do centro que convivan con elas **non** poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia **comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro**.

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

Os responsables dos alumnos **entregarán ao principio de curso** unha declaración responsable, na que se **responsabilizan a realizar o test de autoavaliación** dos síntomas de forma **diaria**, a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2.

Ditos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero **si comunicar a ausencia do alumno/a** en caso de ser **compatibles**.

## 2. ENTRADAS E SAÍDAS

O obxectivo desta proposta é **evitar as aglomeracións tanto nas entradas como nas saídas.**

O funcionamento depende no cumprimento estrito das normas e dos horarios tanto do persoal como das familias.

Para evitar un número innecesario de persoas **cada alumno ou alumna só debe vir acompañado por un adulto e si é posible un adulto podería acompañar a varios alumnos ou alumnas.**

**NON** está permitido que as familias ou o profesorado se entreteñan nas entradas e saídas **dando avisos, recados...** Para iso haberá que empregar a axenda, o teléfono, o correo electrónico...

**Con respecto ás saídas, apelamos á responsabilidade das familias para evitar agrupamentos e/ou aglomeracións dentro do recinto escolar á hora da saída, procurando abandonalo canto antes.**

### **HORARIO DE ENTRADA: HORARIO DE SAÍDA:**

Alumnos/as de 1º e 2º: 08:50 Alumnos/as de 1º e 2º: 13:40

Alumnos/as de 4º e 6º: 09:00 Alumnos/as de 4º e 6º: 13:50

Alumnos/as de 3º e 5º: 09:10 Alumnos/as de 3º e 5º: 14:00

Habilitarase un espazo para que os alumnos que teñan que ser recollidos polos irmáns, esperen por eles.

## PORTAS:

Alumnos de 2ºA, 2ºC, 3ºA, 3ºB, 4ºB, 4ºC. Entrarán e sairán pola porta do acuario.

Alumnos de 1º, 5º e 6º. Entrarán e sairán pola porta de conserxería.

Alumnos de 2ºB, 2ºD, 3ºC e 4ºA. Entrarán e sairán pola porta da verxa.

## PRIMEIRO DÍA DE CURSO

Ás clases comezarán o día 10 de setembro para os alumnos de 1º, 2º e 3º de Primaria e o día 11 para os alumnos de 4º, 5º e 6º de Primaria.

Co fin de evitar aglomeracións e poder aprender o xeito de organizarse nas entradas establécese o seguinte horario para o primeiro día de clases:

### Horario das entradas o día 10:

**Alumnos de 3º:** 09:00 horas

**Alumnos de 2º:** 10:00 horas

**Alumnos de 1º:** 11:00 horas

### Horario das entradas o día 11:

**Alumnos de 6º:** 09:00 horas

**Alumnos de 5º:** 10:00 horas

**Alumnos de 4º:** 11:00 horas

Ás saídas serán no horario indicado no apartado anterior.

O primeiro día de clase dedicarase, de xeito preferente, a explicar e ensaiar co alumnado todo o referente a nova situación (normas de hixiene, traslados polo centro, uso dos aseos ...).

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparán gran parte da xornada lectiva.

*Explicar que nas portas hai un cartel indicando os cursos que entran e saen e a cor da ringleira a utilizar. Os alumnos esperarán a ser chamados polos profesores nos puntos marcados.*

*No caso dos cursos de primeiro, son os mesmos que na Educación Infantil.*

Todos os usuarios do **Plan Madruga entrarán ás 09:00 horas**, sendo entregadas pola monitora na porta correspondente ao profesor de garda.

Os **alumnos** deberán **esperar na súa fila** ata ser **recollidos** polos seus titores que os acompañarán a aula onde procederán a hixienizar as mans.

**Os adultos non poden entrar dentro do centro.**

### 3. MEDIDAS PROTECCIÓN NOS GRUPOS

Na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en **grupos de convivencia estable**, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

► .Dentro da propia **aula** establecemos as seguintes **medidas**:

- **Será obriga do alumnado traer unha segunda máscara de recambio.**
- En todas as aulas haberá dispensador de xel hidroalcohólico, líquido desinfectante, panos de papel e papeleira de pedal.
- O profesorado utilizará a máscara facial continuamente.
- O alumnado accederá con máscara á aula e deberá permanecer con ela posta, excepto se para algunha actividade o indica o profesorado e sempre mantendo a distancia de seguridade.
- Cando non se empregue a máscara facial o alumnado deberá tela gardada nun estoxo ou nun sobre de papel co nome.
- Os primeiros minutos adicaranse a lembrar protocolos de hixiene e contacto social.
- O **alumnado non compartirá material de uso propio** con ningún dos seus compañeiros. Debe ter o seu propio material co nome nun estoxo.
- Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.
- Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material.
- Evitaranse os desprazamentos innecesarios dentro da aula.
- Ao trasladarse desde a aula para levar a cabo as sesións de EF, saír ao patio ou algunha actividade programada deberán respectar os percorridos deseñados e a orde de entrada/saída asignada.

- Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara facial e facer unha correcta desinfección de mans.
- Os alumnos farán un lavado frecuente e meticuloso das mans.

### Especialidades:

As especialidades de **inglés e música** impartiranse nas **aulas ordinarias**, a de Educación Física, no ximnasio e as de relixión católica e evanxélica serán impartidas nas súas aulas.

Debido ao protocolo e as os espazos dispoñibles nas aulas, a maioría dos **apoios de PT e AL serán fóra da aula**. Realizaranse nas aulas de PT e AL correspondentes.

O profesorado especialista usará máscara facial e hixienizará as mans ao entrar na aula e ao abandonala.

### Recreos:

- Realizaranse dúas quendas de recreo:

- de 11:30 a 11:50 horas os alumnos dos cursos impares.
- de 12:00 a 12:20 horas os alumnos dos cursos pares.

- Cada grupo estable de convivencia terá unha zona asignada no exterior. Os patios serán os utilizados ata agora.

- Os días de chuvia non se sairá ao patio. O recreo farase dentro da aula ordinaria.

- Haberá profesorado de garda nos aseos.

- Non se poderán empregar xoguetes traídos da casa nin sacar material da aula.

- Non se poden utilizar, nin se poderán utilizar xogos ou xoguetes compartidos (pelotas, cordas, gomias, ...).

## Actividades. Eventos

Debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso **non se realizarán actividades e celebracións** de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica **non se celebrarán actos masivos como o Magosto, o Maio, ...**

Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, e lles corresponde aos diferentes equipos docentes a organización deles baixo estas premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas.
- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
- Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte.

## 4. ACCESO ZONA ADMINISTRATIVA.

Para acceder á zona administrativa é obrigatorio o **uso da máscara**.

Antes de acceder haberá que **hixienizar as mans**.

As persoas alleas ao centro só accederán con **cita previa** ou por indicación dos membros do equipo directivo.

## 5. TITORÍAS.

As titorías levaranse a cabo baixo tres modalidades:

- Virtual (opción preferente): a través da plataforma que oferte a Consellería no curso 2020/2021.
- Telefónica.
- Presencial: para aqueles casos nas que a videoconferencia ou o teléfono non sexa posible. Nesta modalidade a reunión levarase a cabo na aula da titoría correspondente, previa cita e garantido a distancia social.

Todos os asistentes á titoría levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans. Cando nalgunha destas reunións sexa necesario ver algunha proba en papel ou en un soporte físico, avisarase con anterioridade para poder facer copias da mesma e evitar a manipulación conxunta.

Nos tres casos, será obrigatoria a cita previa, empregando calquera das canles reflectidas nas NOF (correo electrónico, axenda do alumnado, teléfono).

## 6. CANLES DE COMUNICACIÓN: AVISOS AO CENTRO.

Tódolos **avisos e novidades** serán publicados na **páxina web** do centro.

Os avisos e informacións dirixidos ás familias serán enviados a través das aplicacións de mensaxería: abalarMóbil.

**Só se atenderá de maneira presencial cando sexa absolutamente necesario e sempre con cita previa.**

Pódese poner en contacto co centro a través de dúas canles:

-Vía telefónica chamando ao centro: 886 15 15 13.

-Correo electrónico: [ceip.campolongo@edu.xunta.es](mailto:ceip.campolongo@edu.xunta.es)



O Plan de Adaptación, os anexos e os outros plan derivados dos mesmos estarán a disposición das familias na web do centro, unha vez aprobados.

## 7. AULA VIRTUAL, VIDEOCONFERENCIA.

O uso das **aulas virtuais e a videoconferencia** para o ensino a distancia estará regulado no “Plan de Continxencia” e a súa **posta en funcionamento** será preferentemente **durante o mes de setembro**.

Estarán indicadas para ser usadas sobre todo nos supostos de **educación a distancia** co **alumnado** e para o **que parcialmente estea en situación de corentena** cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

No caso de non usalas ou no caso doutro alumnado no que non sexa posible o seu uso, arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia.